

MEMORIA FIN DE CURSO 2º EP

1.- ESPAZO

A aula do segundo curso atópase no 2º andar na zona sur do colexio. Conta con distintos recantos para as distintas aprendizaxes (arte, quebracabezas, manipulativo, lectura etc), así como unha biblioteca de aula. O alumnado compartiu co resto do alumnado do centro a aula de música e inglés, tamén no 1º andar, e as aulas STEM, plástica, ximnasio e biblioteca situadas na planta baixa.

2.- ACTIVIDADES (Proxectos, tutoriais, materiais creados, investigacións, ligazóns a traballos,...)

A aula do segundo curso desenvolveu un conxunto de actividades propostas na programación de aula e estritamente curriculares, realizándose actividades de relaxación para unha "volta á calma" ("Tranquilos e atentos", escoita activa, estiramientos...) e participou en todas as actividades propostas dende o departamento de actividades complementarias, biblioteca e normalización lingüística.

Ao longo do curso realizáronse diferentes actividades con material de elaboración propia, algunhas delas foron:

A NOSA MASCOTA "LOBIÑO"

Cada fin de semana, o noso amigo "Lobiño" visita a casa dun compañeiro/a da clase de 1º, e xuntos/as comparten saídas, lecturas, xogos... e leva consigo un caderno no que vai anotando as súas experiencias. Ao alumnado gústalle moito levar a nosa mascota para casa e, sobre todo, o que máis lles gusta é contarnos logo o que fixeron eses días.

LIBRO: CAPITÁN LENTECLA

Traballamos a lectura do libro "Capitán lentella. Aventura a todo gas", de Jorge Campos. Nesta lectura reflexionamos sobre os diferentes roles e valores actuais. Ademais o alumnado debuxou distintas escenas do libro, co que montamos un libro para agasallar ao autor, que nos visitou no centro.

PROXECTO DE CENTRO "OS RÍOS"

Dentro do proxecto de centro, na aula de segundo traballamos aspectos relacionados co ecosistema dos ríos. Aprendemos os distintos elementos que os forma (fauna, flora etc.) e algúns conceptos relacionados directamente (encoros, cursos...). Ademais realizáronse distintas actividades relacionadas: calendario 2024, disfrace de entroido, diorama dun río, peixes feitos mediante a técnica de origami para decorar o escenario dun río, adquisición de distintas plantas propias dos ríos para a aula....

LIBRO: POMODORO

Outro libro que lemos na clase foi "Pomodoro", de Titimoki, autora e ilustradora. Obsequiamos á autora cun bonito agasallo elaborado polo alumnado na aula, onde representaron as súas impresións tras a lectura.

LIBRO: SUPERAVOA

Na "Mochila Viaxeira" deste curso, incluíuse o libro "Superavoa", que o alumnado leu nos domicilios. Finalmente, realizamos unha lectura conxunta na aula e elaboramos un agasallo para o seu autor, David Rodríguez, que visitou o centro e agasallou ao centro cun contacontos.

ACTIVIDADES MANIPULATIVAS

Gran parte do noso traballo na aula tivo carácter manipulativo, así, podemos vivenciar as matemáticas, as ciencias e as linguas con distintas actividades de aprendizaxe (bloques, xogos de mesa, ruleta, ditados explosivos etc).

3.- RECURSOS

A aula do segundo curso empregou distintos e variados recursos. Algúns deles foron:

PIZARRA DIXITAL: este recurso foi empregado tanto para explicacións por parte da mestra como para a posta en práctica da adquisición dos distintos conceptos, tanto cos aplicativos da maqueta Abalar como coas distintas actividades dos libros dixitais.

BIBLIOTECA DE AULA: uso dos libros da biblioteca de aula para distintas actividades relacionadas coa lectura.

GAMIFICACIÓN: uso de distintos xogos para poñer en práctica e afianzar as distintas aprendizaxes.

AULA STEM: distintos recursos atopados na aula stem do centro, tanto actividades conectadas como non.

CONTORNA: sempre se intentou vivenciar as distintas aprendizaxe plantexadas durante o curso cos elementos da contorna máis próxima.

XOGOS COLABORATIVOS: emprego da gamificación para afianzar os distintos conceptos a través de actividades de aprendizaxe colaborativas.

4.- CURRÍCULO

Na aula do segundo curso realizouse ao comezo de curso unha avaliación inicial para descubrir o nivel de competencia curricular do alumnado. A continuación, xa cos resultados, procedeuse a facer as diferentes adaptacións na programación, sobre todo na temporalización. Durante este curso traballouse arreo a aprendizaxe cooperativa e manipulativa, enriquecendo significativamente as nosas propostas de traballo. A avaliación foi continua, valorándose moito o traballo diario coa

observación directa e realización de distintas tarefas. O resultado final foi positivo, acadándose a maioría dos obxectivos da programación.

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

A aula do segundo curso participou activamente en todas as actividades propostas na aula, así como nas distintas propostas da biblioteca e actividades complementarias.

6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

A aula do segundo curso comezou o curso cunha reunión xeral con todas as familias e ao longo do primeiro trimestre mantívose unha titoría individual con cada unha delas. Posteriormente, no segundo e terceiro trimestre, mantivéronse reunións puntuais cas familias que o solicitaron, ou cando foi necesario por diferentes motivos. A resposta das familias foi sempre moi positiva, colaborando sempre que foi preciso e participando activamente nas propostas da aula e do centro, reflectíndose nos resultados acadados polo alumnado.

6.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO

Na aula do segundo curso a coordinación entre o diferente profesorado do centro foi constante e continua en todos os niveis (coa compañeira de ciclo, co departamento de orientación, e co profesorado de Pt e AL).

7.- ANÁLISE DOS RESULTADOS

A aula do segundo curso obtivo os seguintes resultados a nivel curricular:

Nº ALUMN@S	APROBAN TODO	NON APROBAN TODO	PROMOCIONAN	NON PROMOCIONAN
15	13	2	15	0
PORCENTAXE	86.66%	13.33%	100%	0%

8.-DIFICULTADES ATOPADAS

Unha das dificultades atopadas na aula do segundo curso foi a distribución do tempo, non logrando algúns dos obxectivos propostos para este curso.

9.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

Un mellor aproveitamento e distribución das sesións para poder levar a cabo máis visitas á contorna, e vivenciar os novos conceptos aprendidos. Ademais do desenvolvemento dun proxecto proposto este curso relacionado co cultivo da horta e centrado nas herbas aromáticas.

10.-MATERIAIS PRECISOS PARA UN BO DESENVOLVEMENTO DO CURSO.

Na aula de segundo , curso empréganse distintos e diferentes materias para adquisición das distintas aprendizaxes, dende materias funxibles para a elaboración dos distintos proxectos, como non funxibles (xogos de mesa, caixa de luz, robots, ruleta, etc). Por isto, será interesante ir incrementando pouco a pouco este tipo de materiais para así continuar coas mesmas metodoloxías de aprendizaxe.